

A PREHISTORIA

TEMA 7 DE SOCIAIS. CEIP DE RIOTORTO. CURSO 2019-2020

CONCEPTOS A TER CLAROS PARA COMEZAR O TEMA DA PREHISTORIA.

- ▶ **HISTORIA:** Ciencia que investiga o pasado das persoas e das sociedades humanas
- ▶ **FONTES HISTÓRICAS:** Pegadas do pasado que duraron ao longo do tempo e proporcionan información aos estudosos, coma científicos, arqueólogos, paleógrafos.. Para facer os estudos e saber máis de como vivíamos e éramos no pasado.
- ▶ **TIPOS DE FONTES HISTÓRICAS:**

ORAIS

A información transmítese a través da palabra, de xeración en xeración.

GRÁFICAS

A información transmítese por medio dunha imaxe, unha pintura, un mapa, película...

ESCRITAS

A información transmítese pola escrita, restos de libros, cartas, un periódico, un diploma...

MATERIAIS

Son distintos obxectos que se conservaron ao longo do tempo, unha ferramenta, un edificio...

AS IDADES DA HISTORIA.

Os historiadores dividiron o paso do tempo en cinco etapas o idades:

➤ **A PREHISTORIA:** Período máis extenso do pasado.

Atopamos as seguintes etapas: O paleolítico, o Neolítico, A idade dos Metais.

➤ **IDADE ANTIGA:** Comezou co inicio da escritura. Nesta etapa desenvolvéronse numerosas civilizacións que foron as que idearon numerosos coñecementos presentes aínda na nosa sociedade. Aquí estudiaremos os pobos prerromanos, os iberos e celtas, así como os pobos colonizadores, os gregos, fenicios, cartaxineses,... e como non o famoso pobo romano, gran conquistador.

➤ **IDADE MEDIA:** Pódese entender como o período máis longo da historia. Iníciase coa caída do imperio romano ata o Renacemento. Pasamos de crer que a terra era plana, chea de grandes monstruos marinos, a coñecer que a terra era redonda e os monstruos simplemente non existían.

SEGUIMOS COAS... IDADES DA HISTORIA.

- **IDADE MODERNA** : Etapa que comeza despois da Idade Media e desenvólvese nos séculos XV ata o XVIII. **Este período comezou en el año 1453 d.C. cando o Imperio Turco invadiu Constantinopla e logrou o control da cidade.** Como datos importantes podemos destacar o descubrimento de América e Australia, así como o establecemento da primeira economía mundial, sendo esta era una etapa de impacto universal. **A idade Moderna viu o seu fin no año 1789 ao producirse a Revolución Francesa.**
- **IDADE CONTEMPORÁNEA**: Etapa que comeza coa revolución industrial ata a etapa actual siglo XXI.

O PALEOLÍTICO

- ▶ Como xa vimos anteriormente, a prehistoria é a etapa máis extensa do pasado.
- ▶ Abarca tres periodos: PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO e IDADE DOS METAIS.

O PALEOLÍTICO

- O Paleolítico transcorre dende a aparición dos seres humanos, hai cinco millóns de anos ata **a aparición da agricultura e gandería**.
- Eran nómadas, isto é, vivían ao aire libre, en covas ou en chozas e ían dun lugar a outro en procura de alimento.
- O termo paleolítico significa “pedra antiga”, fai referencia a como fabricaban as armas para a caza, a base de labrar a pedra.
- A xente vivía da caza, pesca e recolección de froitos silvestres pois non coñecían a agricultura, de aí que se asentaran sempre preto dos ríos ou lagos, pois aí iban os animais a beber e así cazábanos para comer e facer prendas de abrigo. Cando se esgotaban os recursos da zona ían a outro lugar.

MÁIS DO PALEOLÍTICO...

A VIDA DO PALEOLÍTICO

- ▶ Os homes e mulleres vivían agrupados en pequenos grupos chamados tribos.
- ▶ A vida era dura e moitos morrían de frío ou mancados polos animais salvaxes ao ir de caza ou por ataques.
- ▶ A tribo, repartía as tarefas: uns cazaban, outros recolectaban froitos salvaxes, outros fabricaban ferramentas de caza con osos de animais ou pedra labrada...
- ▶ Normalmente coa pedra fabricaban coitelos ou as puntas das frechas para cazar e cos ósos fabricaban arpóns para pescar anguías.
- ▶ Un descubrimento moi importante nesta era foi o LUME, o que lles permitiría defenderse dos animais salvaxes.